

ESTREA EN NUMAX: 18.01.2019 | V.O.S.E. | +12

The Favourite (2018, 121')

Dirección: Yorgos Lanthimos

Guión: Deborah Davis, Tony McNamara

Elenco: Olivia Colman, Emma Stone, Rachel Weisz, Nicholas Hoult, Joe Alwyn, James Smith, Mark Gatiss, Jenny Rainsford, Tim Ingall, Basil Eidenbenz, Timothy Innes, Jack Veal, James Melville, Hannah Morley, John Locke

Montaxe: Yorgos Mavropsaridis

Dirección de arte: Caroline Barclay, Sarah Bick, Lynne Huitson, Dominic Roberts

Vestuario: Sandy Powell

Son: Joshua Deji Bamford

Fotografía: Robbie Ryan

Produtora: Element Pictures, Scarlet Films, Film4 Productions, Waypoint Entertainment (Reino Unido, Irlanda, EEUU)

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Gran Premio do Xurado, Mellor Actriz —Olivia Colman—), Globos de Ouro 2019 (Mellor actriz de comedia —Olivia Colman—), Gotham 2018 (Premio Especial do Xurado), Xixón 2018 (Mellor Actriz —Olivia Colman—)

FILMOGRAFÍA

O sacrificio dun cervo sagrado, 2017
Langosta, 2015
Alps, 2011
Canino, 2009
Kinetta, 2005
My Best Friend, 2001 [con Lakis Lazopoulos]

SINOPSE

Principios do século XVIII. Inglaterra está en guerra cos franceses. Unha raíña debilitada, Anne, ocupa o trono, mentres que a súa amiga Lady Sarah goberna o país no seu lugar, debido ao precario estado de saúde e o carácter inestábel da monarca. Cando unha nova serventa aparece, Abigail, o seu encanto seduce a Sarah. Sarah axuda a Abigail e esta ve unha oportunidade para regresar ás súas raíces aristocráticas. Ambas desenvolverán unha amizade que Abigail aproveitará para saciar as súas ambicións.

“Rachel Weisz, Emma Stone e Olivia Colman reinan nun filme de época absolutamente actual con grandes doses de astucia e manipulación”

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



“Os homes do filmes están fóra de xogo en todo momento”

Entrevista con Yorgos Lanthimos

Por Emily Poenisch

Cando o público le «filme de época» pensa automaticamente en saias de voo e panos cinguidos, pero aquí atopámonos ante un espectacular festín de conspiración e vulgaridade. Como conseguiches acadar un ton tan pícaro? Quería comprobar se eu era quen de facer un filme de época que se sentise como algo diferente, fresco e orixinal. Desde moi cedo decidimos que a nosa idea non era imitar o xeito de falar de antes. Coa vestimenta, tentamos manter as formas da época, mais traballamos con moitos materiais contemporáneos —vaqueiros, plástico, coiro—. Ás veces a música é fiel á época, noutros casos é contemporánea aos nosos días. Deste xeito fomos engadindo diferentes capas de significado.

Atopamos tamén un cativador estudo do poder: como chega a illar, como infantiliza, como amplifica os medos de cadaquén. Pódesnos dicir de que maneira deches transmitido estas dinámicas? As relacións persoais, o estado de ánimo ou o azar poden realmente afectar ás nosas decisións, e cando se ocupa unha posición de poder o seu capricho pode afectar o destino dunha nación. E iso, se o pensamos ben, dá bastante medo e é moi revelador.

A manipulación dunha mandataria cun temperamento infantil resoa dun xeito especialmente poderoso na América dos nosos días. E así decatámonos de que os elementos principais, a maneira en que a xente se comporta e pensa, tampouco mudou tanto.

A Raíña Anne prodúcenos aos mesmo tempo encanto e repulsión. Como pensaches este personaxe? Moito do que traballei sobre ela afonda no perturbada e atormentada que ficou tras todos os abortos que sufriu e todos os fillos que perdeu. Non era unha monarca moi forte e probabelmente foi manipulada polos demais. Finalmente quixemos debuxala como probabelmente era: unha muller de carácter complexo.

Traballaches cun trío de mulleres brillantes. Rachel Weisz, Emma Stone e Olivia Colman. Como conseguiches que se compenetrasen tan ben? Foi incríbel, un soño feito realidade. Simplemente tentei deixarlles espazo e permitirlles apropiarse dos seus personaxes coa súa propia personalidade e presenza, e engadiron moito máis do que eu podería ter imaxinado.

Aposto a que o set de rodaxe foi ben divertido. Foi así? Para min nunca o é. Pero penso que o elenco debeu rir arreo. Un elemento chave é que estivemos a ensaiar durante semanas, co que acadaron moita confianza para poder facer parvadas entre elas. Atopábanse a gusto. Ademais as relacións de xénero neste relato histórico séntense moi contemporáneas. De feito os homes, con toda a súa arrogancia, semellan estar en todo momento

totalmente fóra de xogo no mundo que retrata o filme. Se reparas neste período, especialmente na pintura, decátaste de que os homes ían moito máis amañados, coas súas perrucas, as súas medias, os seus pantalóns bombachos, os seus altos tacóns e todo iso. As mulleres semellaban ser moito máis naturais, co cabelo sinxelo, non demasiada maquillaxe, vestidos discretos e bonitos. Daquela, decidimos levar esta situación ao extremo.

No teu cinema é habitual ver animais ocupando posicións profundas e fascinantes. Onde encaixan os coellos da Raíña Anne na historia real? Ou se trata dun dos teus toques persoais?

Este foi un dos elementos que fomos engadindo con total liberdade. Sentiamos que había que dar corpo ao sentimento de perda desta muller, pero sen nos achegar de máis á escuridade, cun sentimento máis lixeiro. E así foi como se nos ocorreu a idea dos coelliños.

Este é o teu primeiro filme como director que non escribiches total ou parcialmente. Porén, a túa influencia sobre a película é igualmente forte e clara. Iso é porque lle dediquei máis tempo ao desenvolvemento deste guión que á escrita doutros filmes. E tamén me impliquei persoalmente á hora de buscar as persoas coas que traballar, as voces correctas... Levounos case nove anos chegar até aquí. Non é que estivésemos nove anos a traballar de xeito continuado pero este foi o tempo de maduración que precisou o proxecto.

Publicado en www.esquire.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El sacrificio de un ciervo sagrado,
Yorgos Lanthimos. Cameo [DVD]

Langosta, Yorgos Lanthimos
Avalon [BluRay & DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

**Abónate
agora e ven
sempre por**